

## Máis que nunca, precisamos dos nosos maiores

### DECOTÍO

**ROSA CERQUEIRO LANDÍN**  
Psicóloga clínica e voceira do Movemento Galego da Saúde Mental

Sendos conscientes de que nunca poderemos devolverlles todo o que os nosos maiores fixeron, fan e farán por nós, esta emerxencia sanitaria por mor do COVID-19 mostra a importancia que teñen na nosa vida. Estando inmersos nunha sociedade saturada, sen tempo para facer todas as tarefas que nos obrigan u obrigámonos como se dunha carreira de relevos se tratase, os nosos maiores axúdannos coas crianzas, coa comida, coa súa compañía sempre leal, coas súas mostras de afecto («comiches ben? Abrígate! Ten cuidado no coche!»), sempre discretos, calmos, sen querer molestar.

Os nosos maiores danos a medida do que é importante na vida, e das que reparamos con pouca frecuencia, absorptos como estamos en producir, tamén ás veces na loita por sobrevivir a unha maquinaria que nos afoga, na inqueданza de conseguir manter unhas condicións de vida dignas.

Os nosos maiores déixannos a herdanza dun enorme caudal de sabedoría, historias de superación, de afectos, cuidados e axudas prácticas (cantos poderíamos traballar se os nosos maiores non nos botasen unha man?; cantas familias puideron resistir a crise económica dos últimos dez anos porque os maiores mantiñan o sopor-

te económico?»).

Entre tanto maremágnun de noticias sobre esta emerxencia sanitaria está pasando desapercibida a súa fortaleza, as súas ensinanzas para saír adiante e mostrar o mellor de nós.

Por iso, nestes momentos debemos responderlles do mesmo xeito, debemos protexelos das ameazas que cernen sobre a súa saúde, e sobre todo debemos saber transmitir o que estou segura que todos pensamos: necesitámonos, sodes importantes, non pensedes nin por un momento que estades de sobra, que sodes prescindibles ou unha molestia.

Por desgraza, o sobreexceso de información ao que estamos sometidos, en ocasións terxiversando a situación real

ou servindo de palestra para todo tipo de elucubracións e distopías, está favorecendo que as persoas maiores pensen que están de mais, que non teñen valor ou que lles espera unha morte indigna e chea de sufrimento. Así que, si temos que repetir ata a saciedade unha mensaxe será, ademais das medidas de protección e do fundamental que é quedarse na casa: ninguén sobra, ninguén ha de quedar atrás, disto saímos todos se mantemos a unidade

sen que están de mais, que non teñen valor ou que lles espera unha morte indigna e chea de sufrimento. Así que, si temos que repetir ata a saciedade unha mensaxe será, ademais das medidas de protección e do fundamental que é quedarse na casa: ninguén sobra, ninguén ha de quedar atrás, disto saímos todos se mantemos a unidade e a pertenza colectiva, sen exclusións.

Necesitámonos e necesitámonos aos nosos maiores, ou perderemos de forma inexorable unha parte da nosa identidade e biografía vital. E todas as apertas que están gardando para nós.

## Científicamente estamos preparados

### TRIBUNA

**FRANCISCO J BLANCO**

Director científico del Inibic (Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña) . Reumatólogo del CHUAC y profesor titular de la UDC.

El SARS-CoV-2 es un virus nuevo, que científicamente nos obliga a pensar diferente, pero la pregunta es: ¿estamos preparados para ello? El médico y fisiólogo húngaro Albert Szent-Gyorgyi, premio nobel de medicina en 1937 por sus trabajos de investigación relacionados con la vitamina C, acuñó la frase «investigar es ver lo que todo el mundo ha visto y pensar lo que más nadie ha pensado» y puedo afirmar que, en eso nos encontramos actualmente casi todos los profesionales dedicados a la ciencia.

También puedo afirmar, sin miedo a equivocarme, que para «pensar lo que nadie más ha pensado» nunca en la historia de la humanidad hemos tenido tantos profesionales de diferentes disciplinas como matemáticos, epidemiólogos, ingenieros informáticos, físicos, químicos, etc. incorporados en nuestros institutos de investigación y tan cerca del paciente y del médico.

El Inibic, como centro de investigación del Área Sanitaria de A Coruña, cuenta con investigadores y plataformas tecnológicas sobradamente capacitadas para asumir este desafío. Grupos de investigación como el de microbiología, enfermedades infecciosas o informática cuentan con un alto prestigio científico en el ámbito nacional e internacional. En situación similar se encuentran el biobanco y las plataformas de bioinformática, genómica y proteómica. Todo esto, unido a los excelentes profesionales del Chuac, permitirán generar y analizar los datos clínicos y mo-

leculares de los pacientes con la finalidad de obtener resultados consistentes para prevenir y mejorar el tratamiento de la enfermedad COVID-19 y superar la pandemia.

Desde la Agencia Gallega del Conocimiento en Salud (ACIS) se nos ha solicitado a los tres Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia, que incorporem nuestros medios técnicos y a nuestros investigadores al servicio de la clínica. Esto es una buena iniciativa que permitirá a los hospitales ampliar los recursos de los que disponen y a nuestros científicos ampliar conocimiento sobre algo tan desconocido.

En los últimos días, el ISCIII (Instituto de Salud Carlos III) y la GAIN (Agencia Gallega de Innovación) han publicado dos convocatorias para financiar proyectos de investigación que promuevan el conocimiento sobre el SARS-CoV-2 y la enfermedad COVID-19 así como su impacto en las personas infectadas, con el objetivo de contribuir a un manejo eficiente del paciente. Agradecemos estas iniciativas, porque son una excelente oportunidad para rentabilizar el enorme trabajo y esfuerzos que se está haciendo en el sistema sanitario español y gallego. En este sentido, es indispensable la creación de una base de datos que recoja, de manera protocolizada, la información clínica y molecular de todos los pacientes que se diagnostiquen de COVID-19.

Científicamente, aparecen muchos problemas, algunos se van solucionando, otros constituyen todavía un desafío que tardarán semanas/meses en solucionarse. Pero recuerden, aquellas sociedades que cuentan con una ciencia más avanzada serán capaces de superar antes y mejor esta pandemia; Galicia y España están entre ellas. Espero que esta dramática situación que estamos sufriendo sirva para darnos cuenta de que no podemos relajarnos y que debemos potenciar y apoyar la investigación lo más cerca del paciente posible.

La investigación puede y debe ayudar mucho en estos momentos y los investigadores estamos listos y preparados para ello.

Y por favor recuerda «#yomequedoencasa».



ILUSTRACIÓN MARÍA PEDREDA

## Outra Facultade de Medicina en Galicia

### MAÑÁ EMPEZA HOXE

**LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO**

Esta crise está a someternos a unha proba inesperada. Axíña teremos que empezar a falar sobre o futuro. O que veña vai depender coma sempre do que fagan as sociedades, os poderes e o diñeiro, pero na metade do aillamento aínda queda tempo para reflexionar sobre o que está a pasar. A proba desta crise merece pensarse devagar e tempo temos. Moitas cousas xa as sabiamos pero non lles deramos importancia. Sabiamos que China é a fábrica do mundo. Todo o producimos aló: roupa, máscaras sanitarias, respiradores, ferramentas. Nunca parecera un problema ata que os estados europeos, os federais de Estados Unidos e as comunidades autónomas se viron urxidos

a poxar no bazar global por eses produtos, nunha feira sen regras nin tratos fiables. Chámalle mercado. Chamábase. Agora ten outro significado para todos. Para que queren acumular tanta riqueza que manipulan o mercado? para que queren tanto poder tirado do diñeiro? Pregúntase Pepe Mujica nunha entrevista, e responde deseguido, como se fose un paisano betanceiro, que non podemos levalo connosco cando morramos. Só lle faltou dicir que acumular riqueza só serve para ser o máis rico do cemiterio. E para que queremos toda esa riqueza que producimos colectivamente se non podemos usala e estendela. Nin sequera podemos empregala contra o andazo do coronavirus! De súpeto, esta crise descubrimos que os estados aínda son máis importantes que os mercados. Había tempo que moitos non reparaban en tal. Pero, detrás desta realidade hai algunhas ameazas novas,

pois a capacidade tecnolóxica dos estados para dominar e controlar á sociedade é moi superior á que nunca houbo na Historia. Era máis doado fuxir dos imperios escravistas da Antigüidade que escapar hoxe da xeolocalización que se está utilizando nesta crise para controlar as poboacións, legal ou paralegalmente. Nin sequera é tal novidade. Dende Europa non quixemos ver que o mercado chinés e o estado chinés non son cousas diferentes. Non poden, pero fixemos coma si. Hai fronteiras para o virus ou non? Hai, si. Na provincia chinesa de Hubei houbo mais de 3.000 mortos, pero só 8 en Pekín, 5 en Shanghai e 4 en Hong-Kong. Hai fronteiras e mesmo poden pórse dentro dos estados. O demais é retórica. O que non coñece o virus polo de agora son clases sociais. Pero as coñecerá. Sabemos que a xestión das consecuencias desta crise pode afectar moito máis aos

que menos teñen, que pasará cando se estenda por África e América do Sur? Esta crise vai nos descubrir moitas cousas. Por exemplo, como parar por fin o quecemento global. Tamén descubrimos dolorosamente que facer negocio da saúde e da velez, que estabular maiores para abrir novos mercados ten consecuencias terribles, que limitar o mercado a prol da vida é imprescindible. E descubrimos ao cabo que non temos o mellor sistema sanitario do mundo! Que a saúde necesita recursos e medios e que non sobran sanitarios de ningún tipo. Aínda que neste momento non é o máis importante, xa pode dicir algo que me parece evidente hai tempo. Contra o parecer de —case— todos os amigos, coñecidos e colegas expertos en medicina que me rodean: Galicia necesita unha segunda Facultade de Medicina. Hai décadas que é necesaria.